



CLUB DEPORTIVO FONTIÑAS

SECCIÓN DE MONTAÑA - SENDEIRISMO

REGULAMENTO DE ACTIVIDADES, GUÍAS E MATERIAL

Artigo 1. Obxecto.

As presentes normas teñen por obxecto regular a inscrición e participación dos socios do C.D. Fontiñas nas actividades de montaña e sendeirismo organizadas pola sección, a actuación dos guías, así como o préstamo e uso do seu material polos guías e socios.

Artigo 2. Resolución de conflitos.

As queixas ou discrepancias que poidan xurdir pola aplicación deste Regulamento serán resoltas pola Xunta Directiva na seguinte sesión ordinaria que sexa convocada, previo ditame da Sección de Montaña, que será elevada a aquela polo seu presidente.

1ª parte. Actividades.

Artigo 3. Prazo para inscribirse e pago da saída.

1. Nas actividades dun día –saída e chegada a Santiago no mesmo día- os socios poderán apuntarse durante a mesma semana de realización, dende o luns ata o xoves, día no que se decidirá a realización ou non da ruta e o medio de transporte. O pago da saída deberá constar nos rexistros do club, a máis tardar, o venres; e poderá facerse en metálico na oficina ou por ingreso en conta ou transferencia. En ningún caso o guía ou responsable da saída farase cargo de pago algún.
2. Nas saídas de varios días os socios deberán anotarse e pagar as cantidades que se indiquen –pago único ou fraccionado- segundo o calendario ao efecto. Se non o hai, a inscrición deberá facerse cunha antelación mínima de quince días antes da saída, co aboamento dunha fianza do 25 por 100 do prezo total estimado. O 75 por 100 restante aboarase sete días antes saída.
3. As saídas de Semana Santa e Verán axustaranse as condicións específicas que ao efecto determine a Sección de Montaña – Sendeirismo.

Artigo 4. Orde de prioridade.

Non obstante a data na que se efectúe a inscrición, a orde de prioridade estará supeditada ao aboamento do importe –único ou fraccionado, segundo calendario- da saída. O incumprimento do/s prazo/s de pago suporá o paso á lista de agarda ou exclusión.

Artigo 5. Reintegro das cantidades aboadas.

1. Se pola razón que sexa a saída fose cancelada, os socios terán dereito a que se lles reintegre a totalidade das cantidades adiantadas, fianza incluída.
2. Nas saídas dun día, o socio terá dereito á devolución do importe se comunica a súa baixa o máis tardar o xoves inmediatamente anterior.

3. Nas de fin de semana ou máis días o socio terá dereito a devolución das cantidades adiantadas, agás a fianza, se comunica a súa baixa aló menos 7 días naturais antes da saída dende Santiago. Fora deste prazo só haberá dereito á devolución se concorre erro, negligencia ou cambio na información facilitada polo CD Fontiñas que xustifique a baixa na actividade.

Artigo 6. Condicións de inscrición nas rutas

1. **Socios federados.** Son aqueles que están ao corrente no pago da cota de socio establecida polo club e teñen licenza da Federación Galega de Montaña. Terán dereito a participar en todas as actividades organizadas polo club.
2. **Socios non federados.** Son aqueles que están ao corrente no pago das cotas de socio establecidas polo club, pero que non estean federados. Poderán anotarse a todas as saídas de sendeirismo que así o desexen, aboando a maiores a cantidade que o CD Fontiñas determine en concepto de suplemento de seguro.
3. **Socios temporais.** Poderán apuntarse como máximo a dúas saídas de sendeirismo dun día por curso tempada.
4. Para a inscrición nas saídas de montaña será imprescindible ser socio e estar federado.
5. En caso de que nunha saída se cubran todas as prazas e haxa lista de agarda, terán preferencia os socios do club.

Artigo 7. Dereitos e recomendacións para os guías.

1. Dereitos:
 - a. Solicitar e recibir do persoal e membros dos órganos do CD Fontiñas a axuda que poidan precisar para a correcta preparación e execución da saída.
 - b. Dispoñer dos medios materiais do club, especialmente do gps tanto para a preparación como para a execución da saída; e dos walkies e/ou teléfono móbil do club. Alternativamente, poderá solicitar o desvío de chamada ao seu móbil particular se prefire prescindir do teléfono do club.
 - c. Resarcimento dos gastos dun desprazamento (quilometraxe, peaxes e uso do taxi na zona da ruta, previa xustificación) pola preparación e organización da saída. A maiores, pola organización de saída dun día quedará exonerado do pago da ruta posterior que así o indique.
2. Recomendacións:
 - a. Entregar ao grupo de traballo que corresponda a información básica sobre a ruta cunha antelación mínima de un mes antes do comezo do trimestre no que estea prevista a súa realización, para que aquel poida decidir a súa inclusión na folla de actividades.
 - b. Se a saída fose incluída na folla, entregar ao grupo de traballo a información completa cunha antelación mínima de dúas semanas antes da súa realización, de xeito que se poda elaborar o tríptico.
 - c. De ser necesario, colaborar na loxística (desprazamento, aloxamento, manutención e coordinación cos guías autóctonos) no lugar de realización das actividades.

2ª parte. Condicións de préstamo e uso do material do club.

Artigo 8. Beneficiarios e orde de prioridade.

1. O material do club é para uso exclusivo dos socios federados que se atopan ao corrente do pago das súas respectivas cotas. En ningún caso cederase o material para persoa allea, esta ou non federada.

2. Cada socio poderá facer uso dun elemento do material por dúas veces nun ano natural.
3. O uso do material responderá á seguinte orde de prioridade:
 - i. Actividades que formen parte da programación oficial do club.
 - ii. Actividades programadas por e para os grupos de traballo da sección.
 - iii. Cursos do club ou Federación de Montaña.
 - iv. Actividades particulares dos socios, en función da data da solicitude.

Artigo 9. Condicións para a retirada e devolución do material.

1. Para a retirada do material o socio deberá identificarse co seu DNI e acreditar estar ao corrente do pago das cotas.
2. O material deberá retirarse nas oficinas do club, os xoves da semana na que vaia a empregarse, en horas de oficina.
3. No momento da entrega o socio deberá asinar o documento xustificativo, con indicación do período de uso do material (máximo dúas semanas); e comprobar que o material está en condicións óptimas, facendo constar calquera anomalía no citado documento. En caso de non facelo, entenderase que aquel atopábase en perfecto estado, sendo o socio responsable da súa devolución nas mesmas condicións.
4. Coa entrega do material, o socio deberá aboar 10 euros en concepto de fianza (a reintegrar coa devolución); e 5 euros en concepto de arrendamento, que será destinado ao mantemento do material.
5. A devolución do material realizarase na semana seguinte ao seu uso polo socio que o solicitou, no mesmo estado que o recibiu, completo e limpo. Neste caso, reintegraranse os 10 euros de fianza. O incumprimento do prazo dará lugar a non devolución da mesma. Calquera deterioro polo uso normal ou anormal do material deberá comunicarse polo socio no momento da devolución. As roturas, perdas ou inutilidade do material ocasionadas polo mal uso suporá a incautación da fianza, sen prexuízo das cantidades que a maiores deba satisfacer o socio para a reposición do material polo club.

Artigo 10. Normas especiais para o GPS.

1. O dispositivo GPS do club estará a disposición exclusivamente dos membros dos grupos de traballo de sendeirismo e montaña e dos guías que o precisen para a preparación e execución das saídas.
2. Despois da saída, o dispositivo será devolto coa información almacenada da ruta. Non obstante, o guía poderá remitir ao club por correo electrónico, para a súa incorporación á base de datos de rutas, o arquivo xerado polo dispositivo no que se recollan os tracks e no seu caso rutas e waypoints, xunto cunha ficha descritiva segundo formato que acompaña a estas normas.